




UNIVERSIDADE
DE VIGO

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Salda Nº. 201200002422
08/02/12 14:00:33

De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o mércores día 8 de febreiro de 2012, na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- * Aprobación das actas da sesión ordinaria do 21 de decembro de 2011 e extraordinaria do día 26 de xaneiro de 2012.
- * Aprobación das propostas de modificación de títulos de grao.
- * Aprobación de novas propostas de títulos de máster universitario e doutor/a a implantar no curso 2012/13.
- * Aprobación da adaptación do Regulamento de estudos de posgrao aos requisitos establecidos no *Real decreto 99/2011, de 28 de enero, por el que se regulan las enseñanzas oficiales de doctorado*, para a lectura de teses de doutoramento.
- * Aprobación da convocatoria de anos sabáticos para o curso 2012/13.
- * Aprobación da convocatoria do Programa especial de promoción do PDI da Universidade de Vigo, curso 2011/12.
- * Aprobación da Normativa de recoñecementos docentes para o curso académico 2012/13.
- * Aprobación da convocatoria de axudas de extensión universitaria para o ano 2012.
- * Aprobación da Normativa de centros de apoio á investigación da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da convocatoria de eleccións para a renovación parcial do Claustro Universitario.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Hispanoamericana (Costa Rica) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Hispanoamericana (Costa Rica) para o intercambio de estudantes – Convenio marco entre a Universidad de los Lagos (Chile) e a Universidade de Vigo (España) – Convenio específico de intercambio de estudantes entre a Universidad de los Lagos (Chile) e a Universidade de Vigo (España) – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Aveiro, a Universidade do Minho, a Universidade de Tras os Montes e Alto Douro, a Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas e o Instituto Español de Oceanografía para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do programa de doutoramento “Marine Science, Technology and Management (Do Mar)” dentro do proxecto de conversión a campus de excelencia internacional Campus do Mar – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para a realización do programa de doutoramento conxunto en nanomedicina.



Vigo, 8 de febreiro de 2012
A Secretaría Xeral

M^a Inmaculada Valeije Álvarez

**Sres/as Decanos/as e Directores/as
Comunidade Universitaria**